

TEMA 5. A CRISE DO ANTIGO RÉXIME E A REVOLUCIÓN LIBERAL

Abdicacións de Baiona (páx. 166): Renuncias sucesivas de Carlos IV e o seu fillo Fernando VII ao trono de España en favor de Napoleón Bonaparte, quen pouco despois cedeu eses dereitos ao seu irmán, convertíndose en rei co nome de Xosé I Bonaparte. Tiveron lugar na cidade francesa de Baiona en 1808 e foron un dos detoantes principais do levantamento do 2 de maio e o inicio da Guerra de Independencia.

Afrancesado (páx. 168): Reducido grupo de españois que apoiou a Xosé I Bonaparte nas tarefas de goberno. De formación ilustrada na súa maioría, consideraban que o reformismo autoritario francés era o único medio para lograr a renovación e o cambio en España. Ao finalizar a Guerra de Independencia, a partir de 1814 foron perseguidos por Fernando VII, acusados de infidentes ou traidores, e moitos se exiliaron a Francia.

Tratado de Valençay (páx. 171): Acordo de paz asinado en 1813 nesa cidade francesa que puxo fin á Guerra de Independencia e polo que Napoleón aceptaba a suspensión das hostilidades, o retorno de Fernando VII ao trono de España, a devolución dos territorios ocupados e a renuncia de Xosé I Bonaparte.

Manifesto dos Persas (páx. 176): Documento que presentaron en 1814 deputados absolutistas a Fernando VII tras o seu retorno do exilio en Francia, solicitándolle a abolición dos decretos promulgados polas Cortes de Cádiz e a Constitución de 1812, así como a restauración do Antigo Réxime. O monarca atendeu as peticións restablecendo o absolutismo e dando comezo ao chamado Sexenio absolutista.

Pronunciamento (páx. 177): Levantamento de parte do exército, contando co apoio dun determinado sector da sociedade, que “se pronuncia” a favor do cambio do sistema político vixente. Foron frecuentes os que defendían o liberalismo fronte ao absolutismo de Fernando VII e os que defendían o liberalismo progresista fronte ao conservador no reinado de Isabel II.

Pragmática sanción de 1830 (páx. 180): Disposición promulgada por Fernando VII que anulaba a coñecida como Lei Sálica, aprobada por Felipe V, que impedía acceder ao trono ás mulleres. Esta medida converteu á filla de Fernando VII, a futura Isabel II, en herdeira e supuxo a exclusión do irmá do rei, o infante Carlos de Borbón, do trono de España, desencadeando a aparición do “carlismo”.